

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Intervención

Aprobación definitiva do anexo de subvencións nominativas para o exercicio económico 2022 da Área de Seguridade e Tráfico

EDICTO

Aprobación definitiva do anexo de subvencións nominativas para o exercicio económico 2022 da Área de Seguridade e Tráfico

O Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 24 de febreiro de 2022, aprobou inicialmente o anexo de subvencións nominativas para o exercicio económico 2022 da Área de Seguridade e Tráfico, segundo o seguinte detalle:

Concellería de Seguridade e Tráfico:

Entidade	Concepto	Importe	Aplicación orzamentaria
Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Ferrol (P1500030)	Fixar un marco da colaboración entre o Concello de Ferrol e a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Ferrol. Contribución financeira ao sostemento dos gastos necesarios para o funcionamento das actividades da Agrupación	63.000,00	03211 1350 48000
		12.000,00	03211 1350 78000

Transcorrido o prazo de exposición pública do acordo provisional, publicado no BOP n.º 46 do mércores 9 de marzo de 2022, non se presentou ningunha reclamación (tal e como consta no certificado da Secretaría Xeral de data 31/03/2022), elevándose, por tanto, a definitivo o acordo provisional, de conformidade co disposto no art. 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que comenzarán a contar o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, tal como dispón o artigo 10 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se considere oportuno.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no artigo 20 do RD 500/99, do 20 de abril, e no artigo 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo.

Ferrol, 6 de abril de 2022.

A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e EDUSI

María Teresa Deus Trasobares

2022/1872